

BANDO MUNICIPAL SOBRE O USO DA AUGA

Que, con motivo da **prolongada situación de seca**, faise necesario adoptar medidas urxentes que contribúan a mitigar a actual situación de alerta hidrolóxica e a preservar un ben esencial como é a auga.

Debido á escaseza de precipitacións e ao elevado consumo de auga que se está a producir, o **Concello de Sanxenxo restrinxe o uso da rede municipal de abastecemento de auga** para os seguintes usos:

- **O recheo de piscinas.**
- **Os baldeos**, tanto de espazos públicos como privados. Nos espazos públicos, os baldeos quedarán limitados á auga diaria recollida no alxibe de Fontoira.
- **O lavado de vehículos.**
- **O rego de xardíns públicos e particulares.**
- **O uso dos lavapés nas praias.**

Polo ben de todos e co obxectivo de evitar a adopción de medidas máis restritivas, **faise un chamamento ao civismo, á responsabilidade e á colaboración de toda a veciñanza** no consumo e uso da auga no día a día.

Pequenos xestos, como **substituír os baños por duchas, pechar a billa mentres non se estea utilizando a auga ou evitar calquera consumo innecesario**, poden contribuír a mellorar a situación e a preservar as reservas dispoñibles.

Por todo isto, **pídese a máxima implicación, compromiso e solidariedade da veciñanza**, xa que só coa colaboración de todos e todas será posible prolongar as reservas actuais de auga e garantir o abastecemento durante o maior tempo posible.

As medidas recollidas neste bando **manteranse ata novo aviso**.

Sanxenxo, na data da sinatura electrónica.

O alcalde
Telmo Martín González

